



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tif. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES de Fene

CURSO: 2º de BACHARELATO

MATERIA: Xeografía

DEPARTAMENTO: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Ao ser obxecto de exame na **ABAU**, seguiremos as directrices do **Grupo de Traballo de Xeografía** ao respecto.

BLOQUES (12)	PREGUNTAS TEÓRICAS (8)	PREGUNTAS PRÁCTICAS (23)	CONCEPTOS (62)
BLOQUE 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico	-----	-----	-----
BLOQUE 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica	1-Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares.	1-Comentario guiado dun fragmento de mapa topográfico. 2-Mapa litolóxico de España. 3-Debuxos e gráficos con tipos de modelado: granítico e cárstico.	1-Aluvión 2-Foz 3-Meseta 4-Tectónica de placas 5-Ría 6-Tómbolo 7-Zócolo 8-Macizos antigos 9-Cordilleiras de pregamento 10-Cuncas sedimentarias
BLOQUE 3. A diversidade climática e a vexetación	2-Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España. - Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. - Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, msas de aire, frontes).	4-Mapas de temperaturas e precipitacións medias de España. 5-Mapas do tempo en superficie: advección do Oeste e anticiclón de verán. 6-Análise dun climograma arquetípico dos grandes dominios climáticos españois: oceánico, mediterráneo e subtropical. 7-Análise de cliserias: Pireneos e Teide.	11-Aridez 12-Barlovento 13-Inversión térmica 14-Isóbara 15-Isohieta 16-Avesedo (umbría) 17-Laurisilva 18-Maquis 19-Vexetación clímax 20-Vexetación antrópica 21-Landa

BLOQUE 4. A hidrografía	<p style="text-align: center;">-----</p>	8-Comentario de hidrogramas (pluvio-nival, pluvial oceánico e pluvial mediterráneo).	22-Cunca fluvial 23-Estiaxe 24-Marisma
BLOQUE 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade	3-Repercusións ambientais da acción humana: - Contaminación. - Quecemento global. - Pegada ecolóxica.	9-Comentario dunha imaxe de paisaxe natural: atlántica, mediterránea ou de montaña.	25-Efecto invernadoiro 26-Paisaxe
BLOQUE 6. A poboación española	4-Dinámicas demográficas actuais: - Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. - Movementos migratorios (1990 á actualidade).	10-Analizar taxas demográficas de Galicia (movemento natural). 11-Comentar e comparar pirámides de poboación (década de 1960 e actual). 12-Gráfica da transición demográfica en España.	34-Poboación Activa 35-Esperanza de Vida 36-Réxime Demográfico 37-Censo de Poboación 38-Crecemento Vexetativo 39-Taxa de Fecundidade
BLOQUE 7. O espazo rural e as actividades do sector primario	5-Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española: - As explotacións agrarias - Técnicas e sistemas agrarios - Política Agrícola Común.	13-Comentario dunha paisaxe agraria española: atlántica, mediterránea e de interior. 14-Mapa de espazos pesqueiros (rexións e caladoiros).	41-Acuicultura 42-Agricultura ecolóxica 43-Denominación de orixe 44-Desagrarización 45-Explotación intensiva 46-Política Pesqueira Comunitaria (PPC) 47-Silvicultura
BLOQUE 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial	6-Situación actual da industria en España. - Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía). - Tendencias recentes	15-Comentario dunha paisaxe industrial. 16-Mapa das principais áreas industriais de España.	48-Enerxías renovables 49-Fondos estruturais 50-Subcontratación 51-Industrias verdes 52-Materias primas

	da industria en España: globalización e deslocalización.		estratéxicas 53-Parque tecnolóxico
BLOQUE 9. O sector servizos	-----	17-Comentario dunha paisaxe turística. 18-Mapas da distribución de redes e infraestruturas do transporte (autoestradas e autovías). 19-Mapas ou gráficos sobre a distribución e tendencias do turismo.	54-Balanza comercial 55-Economía somerxida 56-Ecoturismo 57-Franquía 58-Taxas aeroportuarias
BLOQUE 10. O espazo urbano	7-Transformacións recentes na estrutura das cidades. - Cidade difusa. - Os cambios no centro urbano (degradación /vs/ rehabilitación). - Cambios de uso no solo urbano.	20-Comentario dun plano urbano: Barcelona, Madrid. 21-Comentario dunha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.	59-Área suburbana 60-Área metropolitana 61-Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) 62-Xentrificación
BLOQUE 11. Formas de organización territorial	-----	22-Mapa de provincias. 23-Mapa de Comunidades Autónomas e as súas capitais.	27-Parroquia 28-Municipio 29-Provincia 30-Comunidade Autónoma 31-Estatuto de Autonomía
BLOQUE 12. España en Europa e no mundo	8-España no escenario xeopolítico: - España na UE. - España no mundo.	-----	32-Movements antiglobalización 33-Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

2. Criterios de cualificación (indicar os criterios para os tres posibles escenarios)

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos, os contidos mínimos e os criterios de avaliación especificados.

O proceso de avaliación será continuo e integrador, constando de **3 avaliacións**. Os alumnos deberán enfrontarse en cada avaliación, como mínimo, a **dúas probas**. A distribución prevista axustarase na medida do posible ao desenvolvemento dos contidos temporalizados por curso e establecidos con anterioridade e ás súas propias incidencias.

Os criterios de cualificación final do alumno/a en cada avaliación, seguirán o seguinte reparto:

- **90% do valor da nota (ata 9 PUNTOS):** as probas escritas ou os exames, que deberán estar presentes nunha proporción razoable á unidade ou unidades das que se examine o alumnado. Tales probas terán unha estrutura idéntica ao modelo de exame ABAU:
 - o **A PRIMEIRA PREGUNTA** terá unha **puntuación máxima de 2 puntos (0,50 por concepto definido correctamente)**. A resposta ten que ser breve (máximo cinco liñas), concreta e precisa (que corresponda ao concepto), e contextualizado cun exemplo. Valorarase a utilización de termos con significado xeográfico.
 - o **A SEGUNDA PREGUNTA** terá unha **puntuación máxima de 5 puntos**. Requírese a correcta comprensión e interpretación dos documentos (superando a mera descrición elemental), e sempre que sexa posible a explicación das causas dos fenómenos representados e as posibles consecuencias derivadas. Especificanse os puntos básicos aos que debe atender a resposta:
 - De carácter xeral. Tipoloxía da imaxe: sistema de representación, información contida e estrutura (tipo de datos, escala); ámbito territorial, secuencia temporal e significado respecto ao fenómeno tratado (por exemplo, no caso dun gráfico de variacións de taxas de actividade, se o período temporal constitúe unha ou varias etapas significativas).
 - Localización: Valorarase a correcta localización e relación dos elementos xeográficos solicitados, físicos e políticos.
 - Comentario (análise e explicación) dos acontecementos reflectidos (por exemplo, no caso dun diagrama climático, réxime de precipitacións e temperaturas) aludindo aos aspectos relacionados (no caso anterior, situacións atmosféricas e formacións vexetais asociadas, etc.).
 - Comparación dos resultados comentados con aspectos ou feitos similares noutros ámbitos territoriais ou durante outros períodos que axuden á comprensión e explicación do fenómeno (por ex. nun gráfico de inmigración, correntes *inmigratorias comparables noutros períodos ou noutros ámbitos territoriais).
 - Achega crítica, se é posible, dalgún aspecto derivado da interpretación do fenómeno no contexto mundial actual.
 - o **A TERCEIRA PREGUNTA** terá unha **puntuación máxima de 3 puntos**. Hase de responder ás cuestións seguindo as orientacións propostas; valorarase a organización dos contidos nunha secuencia expositiva, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas, ademais do uso do vocabulario xeográfico.
- **10 % restante (ata 1 PUNTO):** traballo cotián (exercicios e actividades de clase), caderno, lectura (Proxecto Lector), traballos complementarios obrigatorios e voluntarios, interese, participación, voluntariedade, etc.

Asemade, explícase a **estrutura desta proba na ABAU**, destacando a *opcionalidade* nas diferentes cuestións:

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira.

PREGUNTA 1.

Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia (**5 puntos, 0,5 puntos por definición**) (segundo directrices).

PREGUNTA 2.

Desenvolva un dos temas seguintes (**5 puntos**): unha pregunta a escoller entre dous (segundo directrices):

- 1 cuestión de Xeografía Física.
- 1 cuestión de Xeografía Humana-Económica.

PREGUNTA 3.

Análise de documento gráfico (**5 puntos**): 1 práctico de Xeografía Física (segundo directrices).

PREGUNTA 4.

Análise de documento gráfico (**5 puntos**): 1 práctico de Xeografía Humana-Económica (segundo directrices).

En cada avaliación puntuarase sobre un **total de 10 puntos** e deberá ter un carácter sumativo e global: **ata 9 puntos** polas probas escritas ou exames e **ata 1 punto** polo traballo restante; conformándose deste xeito o 100 % da nota da avaliación. **A nota mínima para poder aprobar na avaliación é o 5 (Suficiente)**. Non hai unha nota mínima de exame parcial para poder facer media con outro exame dentro dunha avaliación.

A **nota da Avaliación Final** sairá da media aritmética das tres avaliacións e deberá ser **igual ou superior a 5 para poder aprobar**. Nas notas das avaliacións e na nota final as cifras decimais serán “redondeadas” á unidade máis próxima e as puntuacións “coma cinco” serán redondeadas á unidade seguinte. A **nota da Avaliación Ordinaria** deberá ser igual ou superior á da 3ª Avaliación, nunca inferior, e incluso pode ser que a cualificación non varíe entre as mesmas.

Para os alumnos que non acaden na avaliación final unha nota **igual ou superior a 5** haberá un **exame final** no que poderán recuperar unha, dúas ou as tres avaliacións suspensas. Nesta proba escrita entrará como materia de exame as avaliacións enteiras en bloque (sen división en parciais) que correspondan. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse ao exame extraordinario de xuño.

Tamén se contempla a posibilidade de facer un exame para *“subir nota”* para aqueles alumnos que o desexen e que seguirá o *modelo ABAU* e entrarán *cuestións e exercicios explicados en clase das 3 avaliacións*. No caso de que o alumno non mellore a súa nota media final, quedaralle a que xa tiña con anterioridade a esta proba.

En canto aos criterios de corrección dos exames sinalar os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas indicárase a puntuación máxima que se pode obter.
- No caso de que un **alumno teña copiado nalgún exame** e tal circunstancia fora obxectivamente comprobada e demostrada polo profesor, terá un 0 nesa proba ou exame. Esta cualificación de 0 fará media co resto de probas da avaliación.
- No caso de que un **alumno teña copiado na recuperación do exame final en maio ou na avaliación extraordinaria de xuño**, suspenderá esa recuperación e a nota desa avaliación será a mínima que marque a lexislación vixente.
- No caso de que un **alumno teña copiado no exame para “subir nota”**, anularáselle o

exame e quedaralle a nota que xa tiña con anterioridade a esta proba.

- EN TODA A PROBA e **ata 1 punto** na nota final, consideraranse elementos de ponderación a calidade da redacción, a corrección gramatical e ortográfica (isto é, 20 faltas ortográficas descontarán ata 1 punto, e 1 falta ortográfica ata 0,05 puntos).

Proba de xuño

Aqueles alumnos que ao chegar ao final de curso non acadasen os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar na convocatoria de xuño unha **proba extraordinaria**. Esta proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

O aprobado nesta proba significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia e uns contidos mínimos razoables nas respostas por parte do alumnado.

2.1. Escenario presencial

Este escenario consistiría en desenvolver a **actual PXD** para este curso académico 2021-22 no seu **cumprimento íntegro**, na medida do posible e que o permitan as circunstancias académicas e/ou sanitarias.

A **nota da avaliación** obtense da aplicación dos actuais criterios de cualificación das diferentes asignaturas.

2.2. Escenario semipresencial

Se se adopa esta medida da **semipresencialidade** (alternancia de pequenos grupos presenciais co resto do alumnado da clase na casa), non implicaría unha redución dos estándares de aprendizaxe sempre que se cumpra o 75 % da programación. Si implicaría unha **selección significativa** por parte dos profesores de área dos estándares de aprendizaxe.

A **nota da avaliación** obtense a partir nunha porcentaxe na que se combinaría a nota dos exames/probas escritas presenciais, pero non simultáneas para toda a clase, co traballo do alumno na casa.

2.3. Escenario confinamento

Este escenario implica unha **reducción selectiva** dos estándares de aprendizaxe por curso e temporalizados por avaliacións. Se se produce esta circunstancia social e educativa implicaría que o 100 % da nota da avaliación sería o traballo telemático do alumnado desde casa a través de diferentes medios (e-mail, plataformas e aulas virtuais...); e dependería de cando se aplique dentro do trimestre en cuestión, a **nota da avaliación** obteríase a través dunha **media ponderada** entre o período presencial e o de confinamento.